

ACORDO do 14 de marzo de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a declaración de utilidade pública, en concreto, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico) en relación co proxecto de modificación do parque eólico Figueiras, nos concellos de Mondoñedo, Alfoz e O Valadouro (expediente LU-11/138-EOL). DOG Núm. 57, de 23 de marzo de 2022. Prazo para alegacións: ata o 06/05/2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220323/AnuncioG0596-140322-0010_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/figueiras>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
proyecto de ejecución de modificación do parque eólico Figueiras	Fergo Galicia Vento PEE, S.L.	Valadouro, Alfoz e Mondoñedo (Lugo)	<ul style="list-style-type: none"> – Cinco (5) aerogeneradores, modelo N163 do fabricante Nordex, de 4.500 kW de potencia nominal, cunha altura de buxeiro de 148 metros e cun diámetro de rotor de 163 metros. – Cinco (5) centros de transformación, instalados unitariamente no interior da góndola de cada aerogenerador, de 6.350 kVA de potencia nominal e relación de transformación 20/0,75 kV coa súa correspondente aparelaxe de seccionamento, manobra e protección. – Rede colectora subterránea de 20 kV, con condutor tipo RHZ1 12/20 kV, para a evacuación da enerxía xerada a través da interconexión entre os centros de transformación 20/0,75 kV coa subestación transformadora 20/132 kV do parque eólico de Airas, a cal non é obxecto deste proxecto. – Unha (1) torre meteorolóxica de medición de 117,5 m de altura.

Obxecto da información pública:

- Proxecto de execución, modificación (de novembro de 2020), das instalacións para os efectos da súa autorización administrativa previa e de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, que levará implícita, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a necesidade de urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.
- Relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados e planos de parcelario, modificación (de outubro de 2021).
- Estudo de impacto ambiental, modificación (de novembro de 2020).
- Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (de interese autonómico), modificación (de novembro de 2020).